

# O IMPERIO DA LUZ

Sam Mendes, 2022

# 1088

ESTREA EN NUMAX: 31.03.2023 | V.O.S.E. | +18 | 119 min

O gañador do Oscar Sam Mendes conta a historia de Hilary, a encargada dun fermoso e antigo cinema situado na costa sur de Inglaterra. Cando Stephen chega como novo empregado, os dous conectan de inmediato.

«Olivia Colman brilla neste drama conmovedor (...) sobre o amor, a vida e o cinema»

Peter Bradshaw , THE GUARDIAN



## Entrevista con Sam Mendes, Olivia Colman e Micheal Ward: «Rematei de escribir o filme por Olivia»

Por Jenelle Riley

### **Sam, en que punto soubeches que estabas escribindo este papel para Olivia Colman e Olivia, en que punto soubeches que Sam estaba escribindo isto para ti?**

Mendes: Cando levaba vinte páxinas, empecei a pensalo sen saber incluso se o remataría (o meu ordenador está cheo de proxectos sen rematar). Entón vin *The Crown* (Peter Morgan, 2016-) e aí estaba. Pensei, “Oh, esa é Hilary, obviamente”. Así que comecei a escribir para ela. A metade de camiño, din cun muro. Foi entón cando pensei en chamala, incluso aínda que nunca antes falara con ela.

Chameina por Zoom mentres estaba na mesa da súa cociña e conteille que estaba escribindo algo para ela por probar. E inspiroume para rematar o guión. Pasamos unha hora rexoubando grazas ao seu entusiasmo e a súa forma de ser tan aberta. Así que me animou a rematalo e volveu ilusionarme contar a historia. Ao final, remateino por ela e se ela dixese que non, desgustaríame moito.

Colman: A primeira vez que souben dela foi nese Zoom. El díxome que estaba escribindo este filme pensando en min e eu estaba como “Si! Vale. Si, por favor”. Estaba moi agradecida e, grazas a Deus, era bo.

**Penso que dixeches que non lle preguntaches nada sobre o personaxe daquela, só falastes doutras cousas?** Colman: Penso que falamos de lesións. Eu teño mal un xeonllo. Ti tiña mal un nocello. Rexoubamos sobre...

Mendes: A idade.

Colman: Si, a idade.

Mendes: Non quería contarlle a historia, a verdade, porque quería que a lese por primeira vez cando estivese rematada. Creo que só quería ter unha idea dela, así que simplemente falamos de... achaques.

**Cando finalmente liches o guión, cal foi a túa reacción?** Colman: Sentínme aliviada por dicirlle si a algo que resultou ser bo! Pero tamén me fixo ilusión que Sam mo confiara. Interpretar algo que nunca antes interpretara, ir a lugares aos que nunca fora. Tamén me puxo un pouco nerviosa, que é algo que me gusta. Penso que o que máis me asustaba eran as escenas de sexo cunha persoa moito máis nova. E Micheal foi de lonxe o máis maduro dos dous e axudoume porque eu estáballe pregando a Sam que cortase esas escenas (...) Foi vergonzoso. Pero Micheal fixo que fora fácil e tivemos un coordinador de intimidade.

**Micheal, para ti a experiencia foi diferente. Podes contarnos como foi o proceso de ler o guión e conseguir o papel?** Ward: Por sorte, Sam mais eu estamos coa mesma axencia. O meu axente lérao e dixera, “Sabes? Non podo parar de pensar en ti para este personaxe”. Cando o lin, conectei con el, pero non estaba seguro de con que conectara ata que comezamos o proceso. Falar con Sam e que el me preguntase sobre o que sentía co guión axudoume a decatarme de que tiña máis ganas de formar disto do que pensaba. Quería transmitir a sensación de vulnerabilidade de Stephen, pero tamén a esperanza e o amor que destila por todo e todos, especialmente por esa muller maior á que nunca se ve representada ante a cámara.